



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: AVV

2026/A002/000001

Extracto da resolución núm. 569/2026 da concelleira delegada de Promoción Industrial, Xestión Económica, Emprego, Seguridade e Atención Cidadá de data 06/04/2026 pola que se acorda aprobar as bases reguladoras de “subvencións dirixidas ás asociacións veciñais para o ano 2026”.

Primeiro.-Beneficiarios.

Entidades veciñais sen ánimo de lucro, que deberán estar legalmente constituídas e non estar incursoas en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción das axudas ou subvencións públicas.

As entidades solicitantes, deberán ter obxectivos e finalidades coincidentes co obxecto da subvención.

- Estar inscritas nen o Rexistro de Asociacións de Galicia, e no Rexistro de Asociacións do Concello das Pontes de García Rodríguez.
- Desenvolver as súas actividades no ámbito territorial do Concello ou sobre temas de interese para o Concello.

Segundo.- Obxecto.

A presente convocatoria ten por obxecto regular o procedemento de concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, dirixidas ás entidades veciñais para o ano 2026. O Concello das Pontes de García Rodríguez quere pola presente convocatoria dar apoio ás entidades veciñais e contribuír para que consigan os obxectivos que lles son propios, fomentar a participación da cidadanía en cada ámbito de actuación, contribuíndo desta maneira para impulsar a democratizar a sociedade.

Terceiro.- Bases reguladoras.

O programa rexerese polas bases reguladoras específicas, que foron publicadas no BOP número BOP número 53 del 09 de abril 2026, disponibles en:

https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2026/04/09/2026_0000002100.pdf

Cuarto.- Contía.

Destinaranse un importe de 34.500,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 2026.334.48906 e de 34.500,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 2026.334.78003.

Quinto. Criterios de valoración.

O criterio de prelación entre as solicitudes será a orde de entrada ata o esgotamento do crédito, segundo o indicado nos artigos 19.2 e 22 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Sexto.- Lugar e prazo de presentación de solicitudes.

A solicitude terá exclusivamente formato electrónico e deberá presentarse a través da sede electrónica do Concello: <https://sede.aspontes.com/es/index.html>. Só poderase presentar unha solicitude por titular (se se presentan máis, só se valorará a primeira).

O prazo será dun mes a partir do día seguinte ao da publicación do presente extracto de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: AVV

Sétimo.- Prazo de xustificación.

O prazo de xustificación das subvencións finalizará o día 30 de novembro de 2026, aínda que antes de finalizar o prazo, poderá ampliarse por solicitude do interesado ou por proposta razoada da unidade xestora ata o 31 de xaneiro de 2027.

Oitavo.-Compatibilidade con outras axudas.

Esta subvención é compatible con outras axudas, de entidades públicas ou privadas. En ningún caso o importe da subvención municipal poderá ser de tal contía que, en concorrencia con outros ingresos, subvencións ou axudas, supere o custo da actividade xustificada polo beneficiario.